

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 1 DE SETEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba a revisión do Plan de emerxencia exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa, en Xove.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do acordo de inicio e da consulta pública previa do Anteproxecto de decreto polo que se regula o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a contratación centralizada da subministración de biomasa, pélets e acha, para calefacción e auga quente sanitaria (AQS) aos centros de consumo Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) por un orzamento de licitación, IVE incluído, de cinco millóns catrocentos sesenta e catro mil setecentos vinte euros con sesenta e un céntimos (5.464.720,61 €) e un valor estimado, IVE excluído, de cinco millóns catrocentos dezanove mil cincocentos cincuenta e sete euros con sesenta e cinco céntimos (5.419.557,65€).
- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha central hidroeléctrica de bombeo en Meirama, no concello de Cerceda (A Coruña), promovido por Coventina Renovables, S.L.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Narón á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), así como da licitación, pola mesma sociedade, do contrato de servizo de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 91 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas P.4 e P.5 da zona Z-3 do Plan parcial, avenida 3 de abril, Concello Narón (A Coruña), por un importe de licitación de oitocentos dez mil catrocentos vinte e catro euros con corenta e cinco céntimos (810.424,45 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regulan as unidades de farmacia e os depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria do Servizo Galego de Saúde para os efectos da súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universitat d'Alacant (España), para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de setenta e tres mil cincocentos euros (73.500,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Freie Universität Berlin (Alemaña), para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade do Minho (Portugal), para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Salamanca (España,) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de setenta e tres mil cincocentos euros (73.500,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña, para o desenvolvemento das actividades do Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol, por un importe total de douscentos sesenta e catro mil euros (264.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do acordo de inicio e consulta pública previa do Anteprojecto de decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do rural de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do acordo de inicio e consulta pública previa do Anteproxecto de decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 24 de outubro de 2022 entre a Consellería do Mar, a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, a Fundación Pública Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVigo) e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do programa de Ciencias Mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, por importe de tres millóns novecentos oitenta e dous mil setecentos cincuenta euros (3.982.750€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 24 de outubro de 2022 entre a Consellería do Mar, a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga), o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), a Fundación Pública Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVigo) e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do programa de Ciencias Mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe de seis millóns de euros (6.000.000€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe das actuacións de Augas de Galicia en materia de saneamento para concellos no último trimestre do ano 2025.
- Informe sobre as actuacións de Augas de Galicia para a redución dos arrastres ocasionados polos incendios.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Informe sobre a Lei de educación dixital de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o Bono Coidado no Fogar.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a nova utilidade para realizar o pagamento das débedas cuxa xestión está encomendada á Axencia Tributaria de Galicia.
- Informe balance sobre a certificación en competencias dixitais (Comdix) para a cidadanía.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: "Senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños)", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos setenta mil cincocentos dezanove euros con corenta e dous céntimos (370.519,42 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACORDA A REVISIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DO DEPÓSITO DE LODOS VERMELLOS DE ALCOA, EN XOVE

Os plans de emerxencia exterior son os documentos que se elaboran co obxecto de dar resposta a posibles situacións que se poidan producir e que impliquen perigo para as persoas e bens ou consecuencias graves para o ambiente

O Consello da Xunta aprobou hoxe a revisión do Plan de emerxencia exterior (PEE) de lodos vermellos de Alcoa, en Xove, que pasa a denominarse Plan de emerxencia exterior do depósito de barros vermellos de Alcoa, en Xove. O documento xa recibira o informe favorable o pasado xullo no pleno da Comisión Galega de Protección Civil. Deste xeito, derrogárase o PEE aprobado en 2012 e acórdase a súa revisión tendo en conta a nova clasificación do residuo que almacena o depósito e o recrecemento deste desde a cota 100 á cota 104 metros sobre o nivel do mar (msnm). Isto supón revisar a análise de riscos e a epígrafe da operatividade para establecer as fases e situacións que se indican na Norma básica de Protección Civil.

Así, dáse cumprimento ao artigo 30 do Real decreto 975/2009 (modificado polo Real decreto 777/2012) sobre xestión de residuos das industrias extractivas e protección e rehabilitación das actividades mineiras.

Os plans de emerxencia exterior son os documentos que se elaboran co obxecto de dar resposta a posibles situacións que se poidan producir e que impliquen perigo para as persoas e bens ou consecuencias graves para o ambiente, neste caso como consecuencia dun accidente no depósito de barros vermellos situado no concello lugués de Xove (Lugo), cuxo titular é a empresa Alúmina Española, S.A. Ademais, establecen as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos chamados a intervir.

O plan elaborouse para dar resposta ás situacións de emerxencia derivadas dun hipotético fallo nos diques que pechan o depósito, establecer os sistemas de coordinación coas organizacións das administracións municipais e definir os criterios para a elaboración dos plans de actuación municipal daquelas. Tamén especifica os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deban tomar e sobre o comportamento para adoptar en caso de accidente, ademais de catalogar os medios e recursos específicos ao dispor das actuacións previstas e garantir a implantación e o mantemento do plan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A IGUALDADE EFECTIVA DAS MULLERES DO RURAL E DO MAR CON INICIATIVAS LEXISLATIVAS ESPECÍFICAS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe iniciar a tramitación dos estatutos das mulleres do rural e do sector marítimo-pesqueiro, así como do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia
- O Estatuto das mulleres do rural ten como obxectivo último garantir a igualdade efectiva de mulleres e homes no medio rural e no sector agrogandeiro
- O Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro é unha norma pioneira e constitúe un fito histórico, pois Galicia é a primeira comunidade que contará con esta ferramenta xurídica específica
- O Observatorio asesorará, analizará e fará seguimento das políticas públicas da Administración autonómica que teñan como obxectivo mellorar a calidade de vida das mulleres do rural e do mar ao longo de todo o seu ciclo vital e en todos os ámbitos da súa vida
- Estes textos normativos sométense, a partir de mañá e durante os próximos 15 días, a consulta pública

O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe avanzou no desenvolvemento de medidas legislativas específicas para a promoción da igualdade entre mulleres e homes, e a prevención da violencia de xénero. Así, deuse luz verde aos proxectos de acordo de inicio e consulta pública previa dos anteproxectos dos decretos polos que se regulan o Estatuto das mulleres do rural, o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro e o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia.

O Estatuto das mulleres do rural ten como obxectivo último garantir a igualdade efectiva de mulleres e homes no medio rural e no sector agrogandeiro. Neste sentido, procura recoñecer o papel das mulleres que viven ou traballan no rural, visibilizar a súa contribución ao desenvolvemento territorial e garantir o seu acceso en igualdade a dereitos, oportunidades e recursos. Establecerá medidas concretas para fomentar o emprego, a formación, a conciliación, a saúde laboral e o emprendemento feminino, así como a súa participación nos espazos de decisión e representación.

Sector marítimo-pesqueiro

Con esta norma pioneira, o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, o Goberno galego dá un salto cualitativo importante, pois Galicia será a primeira comunidade de España que contará con este instrumento xurídico específico. Trátase dun fito histórico que porá en valor o traballo das profesionais vinculadas ao mar, garantindo a equidade real nesta actividade. Para iso, incluírá ferramentas que permitan a eliminación de barreiras estruturais, económicas, administrativas e sociais que dificultan a participación das mulleres. O obxectivo é lograr a equidade real e contribuír a que o sector tamén sexa atractivo para as xeracións máis novas.

Este traballo realizado pola Administración autonómica é un exemplo máis do seu compromiso coas mulleres do sector do mar, que teñen un importante peso económico e social en Galicia. En concreto, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), o 40%

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das persoas vinculadas á actividade do conxunto da cadea mar-industria son mulleres, o que provoca que esta sexa a comunidade coa maior porcentaxe de España.

Novo Observatorio

Pola súa banda, o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar é un órgano consultivo para a prestación de asesoramento, análise ou seguimento para calquera política pública da Administración autonómica e os seus entes dependentes. O obxectivo é contribuír a mellorar a vida das mulleres destes dous contornos ao longo de todo o seu ciclo vital e en todos os ámbitos, especialmente no laboral, urbanístico, ambiental e de infraestruturas, saúde e educación, así como na conciliación e o lecer.

En canto ás funcións do Observatorio, encargarase de recompilar, analizar e intercambiar información que permita coñecer mellor a situación das mulleres rurais e do mar, así como detectar as súas necesidades particulares. Tamén formulará propostas e recomendacións sobre liñas estratéxicas, prioridades de actuación ou medidas correctoras para mellorar a situación destas mulleres, sobre todo no relativo ao seu acceso a postos directivos e de representación. Así mesmo, poderá proporlles ás consellerías con competencias no medio rural e no mar a realización de investigacións e estudos específicos, o desenvolvemento de campañas de sensibilización e promover foros de comunicación e debate.

O Observatorio estará composto pola Presidencia e a Vicepresidencia, que corresponderán ás titulares das consellerías do Medio Rural e de Mar e que a exercerán de forma rotatoria e por períodos de dous anos, o Pleno, que se reunirá anualmente en sesión ordinaria e as veces que sexa preciso con carácter extraordinario, e dúas seccións: unha de mulleres do medio rural e outra de mulleres do mar. Estas seccións terán carácter sectorial, atenderán as súas áreas de xestión específicas e cada unha delas estará presidida pola consellería competente en cada unha das materias.

Consulta pública

Tras o seu paso polo Consello da Xunta, os estatutos e o Observatorio sométense desde mañá, 2 de setembro, ata o día 17 deste mesmo mes, a consulta pública previa. O obxectivo é dar resposta ás necesidades das distintas entidades interesadas e cumprir os obxectivos fixados: mellorar a representación, a participación e a calidade de vida das mulleres, fomentar a súa incorporación aos órganos de dirección, articular medidas de recoñecemento e de visibilidade, así como de sensibilización e formación, e mellorar a promoción do emprego feminino.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O PRIMEIRO CONTRATO CENTRALIZADO DE SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA DE 116 CENTROS PÚBLICOS PARA AFORRAR CUSTOS E DIMINUÍR A PEGADA DE CARBONO

- O Consello da Xunta deu o visto e prace ao primeiro concurso para fornecer de pélets e acha o centenar de instalacións adheridas á Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), dependente da Consellería de Economía e Industria
- O servizo que se sacará a licitación conta cun orzamento de 5,4 millóns de euros e inclúe a posta en marcha dunha plataforma web para realizar o control e seguimento dos pedidos, así como medidas antifraude
- Desde a súa posta en marcha no ano 2013, Redexga incorporou 2.819 puntos de consumo enerxético acollidos ás contratacións centralizadas de electricidade, gas natural, gasóleo e Sogama, incluíndo as tres universidades galegas, a CRTVG ou institucións como o Parlamento de Galicia ou o Valedor do Pobo, entre outros

A Administración autonómica centralizará o consumo de biomasa (pélets e acha) en 116 centros públicos a través do primeiro contrato destas características que hoxe autorizou o Consello da Xunta. Deste xeito, o Goberno galego continúa coa súa aposta por impulsar medidas de aforro e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións do sector público galego. O futuro contrato, que se asinará a través da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), dependente da Consellería de Economía e Industria, conta cun orzamento base de licitación de 5,4 millóns de euros para un período de dous anos prorrogable por outros dous.

Ata o de agora, os centros de consumo realizaban contratacións individuais de biomasa, polo que coa entrada en vigor do contrato autorizado hoxe se acadará un aforro económico fronte á suma de contratacións individualizadas e unha simplificación na xestión administrativa de todas estas instalacións.

O contrato divídese en 6 lotes: 4 lotes de pélets, un por cada provincia, e dous lotes para a acha, un para as provincias da Coruña e Pontevedra e outro segundo lote para as de Lugo e Ourense. Os pregos inclúen, ademais da subministración de pélets e achas de madeira, o seu transporte e descarga nas instalacións de consumo e a achega de contedores para a recollida da cinza xerada pola combustión destes biocombustibles. Así mesmo, e ao longo da vixencia deste contrato, poderán incorporarse novos puntos de subministración.

Máis polo miúdo, e respecto do número de centros e do consumo anual estimado, na Coruña cífranse en 31 instalacións e 1.364 t/a; 30 centros en Pontevedra cun consumo de 803 t/a; Ourense conta con 11 instalacións e 1.075 t/a e finalmente Lugo, con 26 centros e 1.222 t/a. O prezo de referencia está fixado en 295 euros por tonelada. No caso dos lotes 5 e 6 para a subministración de acha, existen un total de 10 centros repartidos por toda a xeografía galega –5 nas provincias da Coruña e Pontevedra e o mesmo número no caso das de Ourense e Lugo– cun consumo anual estimado de 5.662 toneladas e un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prezo de referencia de 250 euros por tonelada anhidra (peso equivalente da biomasa sen humidade).

Por primeira vez nun contrato de Redexga, valoraranse a redución da pegada de carbono asociada ás emisións de CO₂ que xera o transporte da biomasa desde os centros de fabricación ata os puntos de consumo, e a inclusión de melloras de carácter xeral.

Outras das novidades que se inclúen nesta licitación son a posta en marcha dunha plataforma-web para a xestión e seguimento integral dos pedidos e das entregas da biomasa e a implantación de medidas antifraude, de maneira que se poderán realizar controis de calidade e das cantidades subministradas e, de detectarse algún incumprimento, os adxudicatarios serán obxecto de sancións.

Cómpre subliñar que, con anterioridade á elaboración dos pregos de licitación, se realizou unha consulta ao mercado para establecer unha metodoloxía de cálculo de prezos de pélets e acha na procura de mellorar a eficiencia nos procedementos de contratación e fomentar a participación e a concorrència das empresas que operan nestes mercados. Ademais, a Xunta foi substituíndo nos últimos anos as caldeiras de combustibles fósiles por caldeiras de biomasa e desenvolvendo redes de calefacción (*districts heating*) en edificios públicos alimentados con esta fonte enerxética, aproveitando un recurso renovable e autóctono que contribúe ao desenvolvemento dunha actividade con claros beneficios ambientais, enerxéticos e económicos, e no marco da aposta firme e decidida por unha economía verde.

Redexga

Redexga foi creada no ano 2013 co obxectivo de mellorar as condicións das contratacións enerxéticas dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público de Galicia a través de contratacións centralizadas de enerxía que permitisen minimizar os custos.

Así, ata o de agora, a Consellería de Economía e Industria, a través do Inega, como órgano xestor da Redexga, leva licitados contratos centralizados de electricidade (2.192), gas natural (263) e gasóleo C (361), ademais da contratación da enerxía necesaria para o abastecemento eléctrico de Sogama (3). En total son 2.819 centros adheridos, cun consumo anual nos tres combustibles que se sitúa por riba dos 1.000 GWh ao ano.

Entre as instalacións beneficiadas polas diferentes contratacións centralizadas figuran edificios administrativos da Xunta, centros de saúde, hospitais de día, xulgados, centros de ensino e de maiores, ademais da CRTVG, o Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Valedor do Pobo, as tres universidades galegas e Portos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A INICIATIVA PARA CONSTRUIR UNHA CENTRAL HIDROELÉCTRICA DE BOMBEO EN MEIRAMA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO

- Impulsada por Coventina Renovables, S.L., supón un investimento de 443,5 M€ e a creación de preto de medio cento de postos de traballo directos, ademais de reforzar a aposta da Comunidade galega pola xeración de enerxía proveniente de fontes renovables
- Trátase do decimo sétimo proxecto industrial estratéxico declarado polo Goberno galego, unhas iniciativas que suman unha mobilización global de algo máis de 2.900 millóns de euros e preto de 4.600 empregos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como proxecto industrial estratéxico da construción dunha central hidroeléctrica de bombeo reversible en Meirama, no municipio coruñés de Cerceda. A iniciativa, promovida por Coventina Renovables, S.L., contará cun investimento de 443.529.845,74 euros e prevé a creación de 44 postos de traballo directos.

O proxecto prevé a posta en funcionamento dunha central de bombeo reversible de 440 MW aproveitando o lago das Encrobas, en Meirama, como depósito inferior e construíndo unha nova balsa escavada no terreo como depósito superior. O volume total da futura central será de 5,25 hectómetros cúbicos de auga embalsada, que circulará entre ambos os depósitos a través dun circuíto hidráulico subterráneo e unha central hidroeléctrica en caverna que aproveitará o desnivel entre ambos os depósitos para xerar ou almacenar enerxía. A nova central conectarase á rede eléctrica a través da subestación de Meirama mediante unha liña eléctrica de alta tensión e evacuación incluída no proxecto, de aproximadamente 7,2 quilómetros de lonxitude.

A iniciativa de Coventina Renovables, S.L. para a construción dunha central hidroeléctrica de bombeo coas características sinaladas reforza a aposta da Comunidade galega polo impulso á política enerxética sustentable grazas ao aproveitamento dun recurso renovable para o almacenamento enerxético como é a auga. Ao tempo, suporá a revitalización da actividade económica e de creación de emprego nunha zona castigada tras o peche imposto polo Estado da central térmica de Meirama.

A central de bombeo cumpre cos requisitos para ser declarada proxecto industrial estratéxico, entre os cales se inclúen superar o investimento mínimo de vinte millóns de euros e complementar cadeas de valor que pertencen a sectores considerados estratéxicos e que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento dos fondos Next Generation. A dita declaración suporá a súa inclusión de oficio no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, unha iniciativa da Xunta de Galicia dirixida a impulsar e facilitar a implantación e ampliación de proxectos industriais na Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Preto dunha vintena de proxectos industriais estratéxicos

Este é o décimo sétimo Proxecto industrial estratéxico declarado pola Xunta de Galicia. En conxunto, todos eles suman unha mobilización global de algo máis de 2.900 millóns de euros e preto de 4.600 empregos.

De acordo co establecido na Lei 24/2013, do sector eléctrico, correspóndelle á Administración xeral do Estado a competencia para autorizar este proxecto, por superar os 50MW de potencia eléctrica instalada. Así, unha vez declarada a iniciativa como proxecto industrial estratéxico, non será de aplicación o procedemento de aprobación previsto na normativa autonómica para os proxectos industriais estratéxicos, ben que naquelas partes de tramitación que se efectúen no ámbito do sector público autonómico aplicará o efecto de tramitación de urxencia e redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario.

Os proxectos declarados estratéxicos son: H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña); a fábrica de pneumáticos de Sentury Tire tamén neste concello; a planta de metanol verde en Mugardos (A Coruña) de Forestal del Atlántico, así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei (Lugo); a planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes de García Rodríguez; a de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda (A Coruña); as instalacións de envasado e manipulación de peixe proxectadas por Stolt Sea Farm en Rianxo (A Coruña); o proxecto de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro, promovido por Cobre San Rafael; a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde de AccionaPlug en Arteixo; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis (A Coruña), impulsado por Galicia Green Data Center; a planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría (A Coruña); a terminal de almacenamento de betume asfáltico, no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos, S.L.U.; a factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña); a que proxecta Nueva Pescanova en Arteixo (A Coruña), e a ampliación da fábrica de Urovesa en Valga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE NARÓN E LICITARÁ POR 810.000 € O PROXECTO PARA CONSTRUIR 91 VIVENDAS PÚBLICAS NO MUNICIPIO

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia licitará proximamente a redacción de proxecto e dirección de obra para estas vivendas, que se construírán en dúas parcelas cedidas gratuitamente polo Concello, localizadas na avenida 3 de abril
- O investimento na execución destas novas vivendas calcúlase que acadará os 17,1 M€

O Goberno galego deulle hoxe o seu visto e praxe á tramitación do expediente de aceptación do solo cedido por parte do Concello de Narón á Xunta, que lle permitirá á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), impulsar a construción de 91 vivendas de promoción pública no municipio.

A Xunta recibiu o compromiso do Concello de Narón da cesión da titularidade gratuíta de dúas parcelas localizadas na avenida 3 de abril, co obxectivo de crear vivenda protexida de promoción pública na localidade coruñesa.

Así, o Consello da Xunta, na reunión de hoxe, autorizou tamén a licitación, por importe de 810.424 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 91 vivendas protexidas, garaxes e rochos nas parcelas P.4 e P.5 da zona Z-3 do Plan parcial de Narón.

O investimento na execución destas novas vivendas calcúlase que acadará os 17,1 M€.

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia licitará este contrato proximamente e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Con esta nova contratación, o Concello de Narón súmase á rede de localidades que xa colaboran coa Xunta na cesión de solo para o desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames ou Carballo.

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo no compromiso de incrementar o parque público residencial, co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas. Neste momento, en Galicia xa ten en marcha máis de 2.800 vivendas en diferentes fases de execución.

En paralelo, O Goberno galego ten en marcha a primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, coa que busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA AS UNIDADES DE FARMACIA E OS DEPÓSITOS DE MEDICAMENTOS EN ATENCIÓN PRIMARIA

- O Executivo galego tramita o Decreto que desenvolve a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia, establecendo os requisitos para a creación e funcionamento das unidades de farmacia e dos depósitos de medicamentos e produtos sanitarios en primaria
- Este decreto, que se remite agora ao Consello Consultivo, actualiza a anterior normativa, xa obsoleta
- Incorpóranse actividades acordes coas responsabilidades do farmacéutico para dar resposta ás necesidades do sistema sanitario e que xa están implantadas nos centros de atención primaria
- As unidades de farmacia realizan funcións de revisión e adecuación da medicación, en colaboración co profesional de referencia do paciente, contribuíndo como parte do equipo multidisciplinar a que os usuarios obteñan o mellor resultado en saúde
- Tamén fan tarefas de seguimento que axuda á adherencia terapéutica, impulsan a coordinación entre diferentes estruturas e niveis asistenciais, incluíndo as farmacias comunitarias, e resollen consultas
- Respecto dos depósitos de medicamentos, o decreto establece que se deberán constituír nos centros de primaria que non dispoñan dunha unidade de farmacia propia e estarán vinculados a unha unidade de farmacia

O Consello da Xunta acordou hoxe remitir o texto do decreto que ten como finalidade regularizar as unidades de farmacia e os depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria do Servizo Galego de Saúde ao Consello Consultivo de Galicia para o seu informe, como paso previo á súa aprobación definitiva.

Este decreto actualiza a anterior normativa, o Decreto 176/2001, do 12 de xullo, sobre creación, apertura e funcionamento dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos no primeiro nivel asistencial, que xa quedou obsoleta.

Ademais, con este decreto a Xunta procede ao desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2010, de ordenación farmacéutica de Galicia, ofrecendo unha regulación actualizada e completa da atención farmacéutica na atención primaria.

No novo decreto, o Executivo galego incorpora actividades clave vinculadas á mellora dos resultados en saúde dos pacientes, e que xa están implantadas nos centros de atención primaria, para dar resposta ás necesidades do sistema sanitario.

Esta aprobación enmárcase no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, fortalecendo unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Previamente á elaboración do texto, cumpriuse o trámite de consulta pública a través do Portal de transparencia e goberno aberto, coa finalidade de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente implicadas, e recibíronse achegas que foron tomadas en consideración para a súa elaboración.

15 artigos e catro capítulos

O novo decreto consta de 15 artigos distribuídos en catro capítulos dedicados, respectivamente, ás disposicións xerais (obxecto e ámbito de aplicación, organización e réxime de funcionamento das unidades de farmacia e depósitos de medicamentos); ás unidades de farmacia (definición, funcións, recursos humanos e instalacións e recursos materiais); aos depósitos de medicamentos (funcións, instalacións e recursos materiais), e ao procedemento para a súa creación e posta en funcionamento.

As unidades de farmacia e depósitos de medicamentos intégranse nos servizos de atención primaria, localízanse nos centros sanitarios deste nivel asistencial e dependen funcionalmente do xefe de servizo e do coordinador de Farmacia de cada área sanitaria.

A organización e o réxime de funcionamento das unidades de farmacia e dos depósitos permiten a dispoñibilidade dos medicamentos para seren aplicados dentro dos centros de primaria e daqueles fármacos para os cales se exige unha particular vixilancia, supervisión e control do equipo multidisciplinar de atención á saúde, de acordo coa cualificación outorgada pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios.

Unidades de farmacia

Tal e como se recolle no decreto, a Unidade de Farmacia é o órgano a través do cal se presta a atención farmacéutica nos centros sanitarios de atención primaria en Galicia.

As unidades de farmacia teñen responsabilidades no uso racional dos medicamentos na atención primaria, así como na custodia, conservación e dispensación dos medicamentos destinada ao uso dentro das instalacións do propio centro.

Para tal efecto, establécense tendo en conta a localización dos servizos de atención primaria, así como a poboación que se vai atender, de tal xeito que cada unidade dá cobertura a unha poboación aproximada de 25.000 habitantes, e a súa demarcación territorial está definida a través dos centros de atención primaria asignados na área sanitaria.

A unidade localízase preferentemente naquel servizo de primaria onde haxa unha maior poboación atendida e conta cun farmacéutico pertencente á área sanitaria en que se localice.

As unidades están dentro dos centros de saúde adecuadamente identificadas e, nos centros que non dispoñan de unidade de farmacia propia, constituiranse depósitos de medicamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas unidades realizan as tarefas e actividades orientadas a garantir a atención farmacéutica necesaria. Así, realizan funcións de revisión e adecuación da medicación, en colaboración co profesional de referencia do paciente, contribuíndo como parte do equipo multidisciplinar a que os usuarios obteñan o mellor resultado en saúde, froito da utilización dos medicamentos.

Tamén son responsables de establecer un sistema de seguimento farmacoterapéutico que contribúa a garantir a adherencia e persistencia terapéutica a través de programas de conciliación da medicación establecidos nas diferentes transicións asistenciais dos pacientes.

Ademais, deben impulsar a coordinación en farmacoterapia entre diferentes estruturas sanitarias e niveis asistenciais, incluíndo as farmacias comunitarias.

Estas unidades resolverán consultas sobre medicamentos e produtos sanitarios, tanto a profesionais sanitarios como a pacientes.

Pacientes crónicos e novas necesidades

O aumento da esperanza de vida e o descenso da natalidade está dando lugar ao envellecemento da poboación. Este feito terá o seu maior impacto no sistema sanitario, posto que co paso dos anos aumenta o risco de contraer enfermidades crónicas. A maior prevalencia destas enfermidades implica un maior uso do sistema sanitario, cuxa organización se debe adaptar para xestionar novas necesidades.

Por outra banda, os pacientes reciben tratamento farmacolóxico de forma continua ou crónica durante anos ou mesmo de xeito indefinido. Cada vez é maior o arsenal fármacoterapéutico, coa constante incorporación de novas terapias e, ao mesmo tempo, imponse un manexo cada vez máis personalizado dos medicamentos.

A maiores, atopámonos cun paciente que desexa estar informado e participar na toma de decisións sobre os seus tratamentos. Un aspecto relevante deste paciente crónico pluripatolóxico é a necesidade dun equipo multidisciplinar para a súa atención, cun alto nivel de colaboración dos diferentes profesionais.

Galicia foi pioneira no enfoque asistencial da figura do farmacéutico de atención primaria ao incorporalo ao equipo multidisciplinar dos centros de saúde e situalo en contacto directo co paciente e co resto dos profesionais do centro, ademais de crear un vínculo entre o equipo de atención primaria e as oficinas de farmacia.

O papel e as responsabilidades do farmacéutico de atención primaria no Servizo Galego de Saúde evolucionou para tratar de dar resposta a estas necesidades do sistema. Neste contexto, a Xunta regula a través deste decreto as unidades de farmacia, estrutura onde se desenvolven as funcións dos farmacéuticos de atención primaria.

Depósitos de medicamentos

Respecto dos depósitos de medicamentos, o decreto refire que se deberán constituír nos centros de primaria que non dispoñan dunha unidade de farmacia propia e que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estarán vinculados a unha unidade de farmacia. Cada unidade de farmacia pode ter vinculado máis dun depósito de medicamentos os cales deben ser, de xeito prioritario, lindeiros xeograficamente.

O farmacéutico de primaria supervisor dos depósitos garantirá a súa correcta custodia, conservación e dispensación e establecerá as normas de acceso a el.

Cómpre subliñar, por último, que nas estruturas de atención primaria de Galicia se dispón, desde o ano 1998, de farmacéuticos de atención primaria. Na actualidade, hai un total de 100 farmacéuticos neste nivel asistencial e todas estas prazas están dotadas orzamentariamente, cunha media de ratio de poboación ao redor dos 25.000 habitantes.

En consecuencia, as tarefas recollidas no decreto hoxe aprobado serán realizadas polos efectivos actuais do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 222.000 € PARA O ESTUDO DA CULTURA, LINGUA E LITERATURA GALEGAS NAS UNIVERSIDADES DE ALACANT, BERLÍN, O MINHO E SALAMANCA

- O Consello dá luz verde aos convenios que se encadran na estratexia da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para fornecer a proxección exterior do galego
- Este apoio económico posibilita tamén a contratación dunha persoa lectora en cada unha delas e o desenvolvemento de cursos, conferencias, seminarios ou congresos
- O Goberno autonómico mantén esta colaboración coas catro institucións académicas desde hai máis de 20 anos

O Goberno galego destinará máis de 222.000€ para continuar a fornecer a proxección exterior da cultura, lingua e literatura galegas promovendo o seu estudo nas universidades de Alacant, Berlín (Alemaña), O Minho (Portugal) e Salamanca. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, no cal se autorizou a sinatura destes convenios, de catro anos de duración, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e estas catro institucións académicas.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén esta colaboración coas catro universidades desde hai máis de 20 anos anos co obxecto de impulsar a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Así, para esta promoción exterior do galego, as achegas económicas da Xunta teñen como obxecto que estas institucións académicas integren as ensinanzas de lingua, literatura e cultura galegas nos seus plans de estudo. De igual xeito, garante que se dote dunha persoa lectora en cada unha delas e que se desenvolvan cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas ou exposicións. Súmanse a estas accións a adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico ou informático necesarios para estas ensinanzas.

No caso da colaboración coa Universidade de Alacant, iniciada en 1995, a Xunta destinará a este fin un total de 73.500 euros para os vindeiros catro anos, 15.037,52€ máis que na anterior sinatura. Con respecto á de Berlín, coa que colaboramos desde 1994, serán 12.000 para o mesmo período de tempo. Para o convenio coa Universidade do Minho, levado a cabo desde 1997, destinaranse preto de 64.000 euros para os anos comprendidos entre 2025 e 2028, ambos os dous incluídos. No caso da Universidade de Salamanca, coa que colaboramos desde o ano 1993, destinarase nos próximos catro anos un total de 73.500 euros, polo que se aumentan 15.037,44 con respecto á sinatura do convenio anterior, comprendido entre os anos 2022 e 2025.

Reforzo da estratexia de internacionalización da lingua e cultura galegas

A autorización destes convenios encádrase no traballo da Xunta de Galicia para impulsar e prestixiar o noso idioma en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que, na actualidade, o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais e internacionais. A esta iniciativa súmase que o Goberno galego ten en marcha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

bolsas de formación nos lectores de lingua, literatura e cultura galegas en diferentes universidades do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O POLO DE EMPRENDEMENTO DE FERROL REFORZA A SÚA POSICIÓN ESTRATÉXICA CO TRASLADO AO CENTRO DA CIDADE E A COLABORACIÓN DA CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa entidade cameral, dotado con 264.000 euros, para desenvolver conxuntamente as actividades do centro e consolidar o seu papel no ecosistema emprendedor galego.
- O cambio de sede á rúa María permitirá incrementar a visibilidade do servizo e reforzar o contacto directo coa cidadanía e co tecido económico local, nun territorio en que xa levan asesorado preto de 780 proxectos e contribuíu a crear un cento de entidades
- Este novo paso enmárcase no compromiso do Goberno galego coa potenciación económica da Ferrolterra, precisamente despois de recuperar os servizos camerais a través da Cámara de Comercio da Coruña, froito dun acordo impulsado pola Xunta
- Con esta combinación de recursos, un Polo consolidado e unha Cámara de referencia, Ferrol sitúase como un dos epicentros do emprendemento en Galicia, cunha oferta de primeiro nivel para apoiar as persoas emprendedoras e fortalecer o tecido económico
- No conxunto de Galicia, a Rede de polos xa atendeu ata o momento máis de 4.600 proxectos, no ámbito da aposta estratéxica do Goberno galego polo emprendemento aliñado co territorio, eido ao cal destina máis de 32M€ en 2025

O Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol, que desde 2022 leva atendidos preto de 780 proxectos e contribuíu á posta en marcha dun cento de entidades xurídicas, iniciará en setembro unha nova etapa que consolidará aínda máis o seu papel como referente no apoio ás persoas emprendedoras da comarca. O traslado da súa sede á rúa María, 158, en pleno centro da cidade, permitirá reforzar a súa presenza e visibilidade, facilitando un contacto máis directo coa cidadanía e co tecido económico local.

Este impulso vén acompañado dunha alianza coa Cámara de Comercio da Coruña, entidade histórica de referencia no apoio ao emprendemento, que contribuirá a potenciar o labor do Polo no acompañamento integral ás persoas que desexan comezar ou reforzar un proxecto por conta propia: desde a xestación da idea de negocio ata a súa posta en marcha, crecemento e consolidación, con servizos de formación, asesoramento e orientación na busca de financiamento.

Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa Cámara da Coruña, dotado con 264.000 euros, para desenvolver conxuntamente as actividades do Polo de Ferrol, fortalecendo así a súa posición dentro do ecosistema emprendedor galego. Ata o de agora, este centro leva atendido o 17 % do total de proxectos da Rede de polos en Galicia e consolídase como unha peza clave na creación de iniciativas viables, sustentables e ligadas ao territorio. A colaboración coa Cámara permitirá reforzar o asesoramento técnico, piar do apoio prestado ás persoas emprendedoras, que xa suma 1.800 titorías de atención personalizada. Tamén permitirá avanzar en novas liñas de traballo aliñadas coas necesidades do territorio, promovendo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estratexias colaborativas de dinamización do ecosistema emprendedor, cunha ampla aceptación entre os axentes locais.

Cómpre sinalar que no caso de Ferrolterra, o comercio, os servizos e a hostalaría son os sectores con maior presenza entre os proxectos atendidos, cunha participación destacada das mulleres, que representan o 61 % das persoas emprendedoras asesoradas no Polo.

Pulo á dinamización económica da comarca

Este novo paso enmárcase no compromiso da Xunta coa potenciación económica e revitalización da comarca, nunha clara aposta por fomentar o autoemprego, a dinamización comercial e o crecemento empresarial. Precisamente a cidade vén de recuperar, ademais, un valor engadido coa reactivación dos servizos camerais a través da Cámara de Comercio da Coruña, froito do acordo impulsado pola Xunta en colaboración co Concello de Ferrol, o empresariado local e as cámaras de comercio galegas.

Así, no mes de setembro reabrirán tamén as oficinas camerais no histórico edificio que ocupaba a Cámara de Comercio de Ferrol, ofrecendo servizos esenciais como o asesoramento empresarial, o apoio á internacionalización, a formación especializada e o acompañamento en proxectos de dixitalización, emprendemento e emprego.

Con esta combinación de recursos —un Polo consolidado e unha Cámara de referencia— Ferrol sitúase como un dos epicentros do emprendemento en Galicia, cunha oferta de primeiro nivel que permitirá seguir apoiando as persoas emprendedoras e fortalecer o tecido económico da comarca.

Rede de polos

A Rede de polos de emprendemento, actuación clave no recoñecemento de Galicia como Rexión Emprendedora Europea 2025, forma parte da estratexia do Goberno galego para apoiar o emprendemento aliñado co territorio, cun investimento de máis de 32 millóns de euros este ano. Actualmente conta con 15 oficinas activas distribuídas por toda Galicia, con especial foco no rural. En conxunto, estas oficinas xa atenderon máis de 4.600 experiencias de emprendemento, reforzando a capacidade de Galicia para xerar oportunidades e apoiar o crecemento de novos proxectos empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS REFORZA A SUSTENTABILIDADE DA PRODUCCIÓN MARISQUEIRA E ACUÍCOLA DE GALICIA, CON 184 UNIDADES DE COÑECEMENTO CATALOGADAS PARA IMPULSAR A ECONOMÍA AZUL

- Esta iniciativa consolida a comunidade como referente no ámbito da ciencia, o coñecemento e a innovación, impulsando a economía azul
- Dispón dun orzamento de 10M€, dos cales a Xunta achega 4 millóns, cofinanciados polo Fempa

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ás addendas correspondente aos dous convenios asinados en 2022 pola Consellería do Mar coa Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga), o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), a Fundación Pública Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVigo) e a Universidade da Coruña (UDC) para a execución do Programa de Ciencias Mariñas, destinado a transformar e mellorar a resiliencia da Galicia do mar, coordinando e impulsando o labor de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e o diálogo entre o sector científico e de innovación e a sociedade galega.

O trámite aprobado hoxe permite a modificación das partidas orzamentarias desta iniciativa, co fin de completar de xeito eficaz as accións previstas ata 2026. Este proxecto, centrado na ciencia mariña e destinado a fomentar a colaboración entre a comunidade investigadora galega e os axentes sociais, económicos e institucionais vinculados á actividade marítimo-pesqueira, aborda tres grandes liñas de actuación enfocadas na observación e monitorización mariña, na acuicultura e nas actividades da economía azul. Neste marco, foron analizadas e catalogadas ata o momento 184 unidades de coñecemento con capacidade de transferencia, entre as cales se inclúen informes, software, ferramentas, patentes e outros resultados. Estas contribucións representan elementos clave do Programa para impulsar a construción dunha economía azul innovadora, resiliente e sustentada no coñecemento.

Dispón dun orzamento de 10 millóns de euros, dos cales 6 millóns son achegados polo Ministerio de Ciencia e Innovación mediante os fondos do Programa Next GenerationEU, e 4 millóns pola Xunta de Galicia, a través do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (Fempa).

Actuacións concretas

As accións previstas artéllanse en 11 paquetes de traballo. Así, dentro da primeira, Observación e monitorización do medio mariño e do litoral, reforzouse a accesibilidade dos datos mariños mediante a plataforma BigData Ciencias Mariñas. Así mesmo, integráronse sistemas de observación con sensores avanzados, intelixencia artificial e drons para optimizar a monitorización ambiental e tamén se melloraron modelos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

predición oceanográfica, pesqueira e acuícola, avanzándose no deseño dunha estratexia de observación mariña para Galicia.

No marco da liña de actuación Acuicultura sustentable, intelixente e de precisión, completouse a información do xenoma do mexillón e logrouse a ensamblaxe cromosómica da ameixa xapónica. Desenvolvéronse ferramentas xenómicas avanzadas para bivalvos e peixes, optimizáronse sistemas de cultivo larvario e de criopreservación, mellorando a supervivencia das larvas criopreservadas. En sanidade acuícola, perfeccionáronse técnicas diagnósticas e formulacións de pensos máis eficientes, a partir de descartes de peixe. Avanzouse na obtención de biosensores non invasivos para rodaballo e tamén na acuicultura multitrófica integrada en sistemas *offshore* e de recirculación. No cultivo do polbo, creáronse ferramentas de monitorización do benestar e identificáronse biomarcadores de saúde e estrés.

Finalmente, na terceira liña de actuación, Economía azul, innovación e oportunidades, avanzouse na caracterización dos vectores de cambio no litoral, na integración dos datos en xeovisores e no desenvolvemento de modelos para analizar a interdependencia sectorial e valorar servizos ecosistémicos. Tamén se traballou nun marco conceptual do fluxo de xeración do coñecemento, na identificación de axentes na cultura oceánica, e desenvolveuse o inventario de boas prácticas en ciencia cidadá. Elaborouse un catálogo de unidades de coñecemento resultantes do programa para a súa transferencia e unha estratexia de capacitación con módulos formativos e ferramenta de autoavaliación.

O Programa de Ciencias Mariñas de Galicia coordina tamén as actividades de comunicación e difusión, co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos. Estas accións son para facilitar a transferencia de coñecemento, a visibilidade dos resultados e o fortalecemento das sinerxías entre os diferentes axentes implicados. Destaca a próxima realización do II Encontro cos sectores do mar o 24 de outubro na Cidade da Cultura, onde xa tivo lugar o primeiro encontro, ao cal asistiron máis de 230 persoas, e a xeración dunha trintena de publicacións en revistas de referencia nacional e internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 60 M€ EN NOVE CONCELLOS PARA IMPULSAR OBRAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NO ÚLTIMO TRIMESTRE DESTE ANO

- O Consello toma razón dun informe sobre os últimos acordos de colaboración entre Augas de Galicia e as entidades locais para avanzar neste eido a curto prazo
- Unha das actuacións máis importantes será o novo bombeo e depósito da Seca e a mellora da EBAR de Porto Campelo, en Poio, obras que se adxudicarán a finais do ano
- O organismo hidráulico tamén prevé licitar nos vindeiros meses unha decena de proxectos clave en materia de saneamento e depuración, entre eles a ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa ou a nova depuradora de Burela
- Todas estas actuacións, cofinanciadas con fondos propios e europeos, reflicten o compromiso da Xunta no seu apoio aos concellos co fin de asegurar a viabilidade de obras estratéxicas para Galicia e garantir un servizo moderno, sustentable e eficaz

A Xunta de Galicia mobilizará investimentos por un importe global de preto de 60 millóns de euros en nove concellos das catro provincias, que permitirán impulsar a execución de diferentes proxectos en materia de saneamento e depuración de augas residuais durante o último trimestre deste ano.

Así se recolle nun informe presentado hoxe ante o Consello da Xunta para dar conta das actuacións e investimentos comprometidos neste eido a curto prazo no marco dos acordos subscritos entre Augas de Galicia e estes concellos para avanzar na consecución dos estándares de depuración fixados a nivel comunitario.

Unha das actuacións máis importantes e avanzadas froito desta colaboración institucional será a obra do novo bombeo e depósito de retención da Seca e a mellora da estación de bombeo de augas residuais (EBAR) de Porto Campelo, no concello de Poio.

Cun investimento total de 4 millóns de euros, grazas a esta intervención incrementarase a capacidade de captación e reduciranse os alivios de augas residuais ao medio natural coincidindo cos momentos de máis chuvia. O proceso de contratación destas obras está actualmente moi avanzado, polo que a previsión do organismo hidráulico é que se adxudique a finais deste ano, co obxectivo de poder inicialas a comezos do seguinte.

Así mesmo, Augas de Galicia tamén licitará nos vindeiros meses e, en todo caso, antes de que remate 2025, outras nove actuacións hidráulicas dirixidas a mellorar os sistemas de depuración noutros tantos concellos.

O investimento global destinado a estas obras ascende a 53,3 millóns de euros e entre elas destaca a ampliación da estación depuradora de Vilagarcía de Arousa, unha actuación de grande envergadura e estratéxica para a comarca, que recibiu un pulo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

definitivo este mesmo verán coa sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Concello, que garantirá os fondos necesarios para a súa execución, cun custo estimado en 31,4 millóns de euros.

Outra das infraestruturas que empezarán a concretarse no último trimestre do ano será a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Burela, de nova creación e que permitirá mellorar o sistema de saneamento deste municipio lugués grazas a un investimento estimado de 8,7 millóns de euros.

En materia de saneamento, as actuacións máis destacadas que se van licitar nos próximos meses son a fase 1 da intervención comprometida para mellorar o acceso a este servizo dos núcleos rurais de Ferrol, cun custo de 5,7 millóns de euros e que será a primeira que se execute no marco do novo programa por un rural sustentable, impulsado por Augas de Galicia co obxectivo de mellorar os servizos hidráulicos en zonas rurais e dispersas; o novo bombeo e depósito de retención de recheo, tamén en Poio (4 M€), e a mellora do sistema de saneamento no Concello da Illa de Arousa (1,3 M€).

Os outros proxectos que se sacarán a licitación pública na recta final deste ano son a posta a punto da EDAR de San Cristovo de Cea (Ourense), cun importe de execución previsto de 1 M€; a mellora do saneamento de Rois coa EDAR de Sorribas (300.000 €); o novo ramal de saneamento en Santo Estevo de Budiño, no municipio de Salceda de Caselas (800.000 €), e a ampliación e mellora da rede de saneamento integral de Mos, no Camiño da Torroeira, parroquia de Louredo (100.000 euros).

Competencias e apoio institucional

O saneamento e a depuración das augas residuais constitúen un pilar esencial para a protección ambiental en Galicia, un territorio caracterizado por unha ampla rede hidrográfica, unha importante franxa costeira (a máis extensa de toda España) e unha gran tradición de aproveitamento dos seus recursos naturais.

As obras nesta materia garanten a preservación da calidade das augas, evitando verteduras contaminantes que poidan pór en risco os ecosistemas fluviais e mariños. Ademais, contribúen a darlles cumprimento ás exixencias da normativa europea e estatal, que establecen estándares de depuración indispensables para acadar un desenvolvemento sustentable do territorio e garantir a prestación dun servizo de calidade.

Estas actuacións tamén teñen un impacto directo sobre a saúde pública, xa que minimizan a presenza de patóxenos e substancias nocivas na auga, e son claves para a economía galega, xa que sectores como a pesca, o marisqueo ou o turismo dependen en gran medida da calidade das augas costeiras e fluviais.

Aínda que os servizos de abastecemento e de saneamento á cidadanía son unha competencia municipal, a realidade de moitos concellos galegos, especialmente a dos máis pequenos ou con poboacións dispersas, impide que poidan afrontar con autonomía

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os actuais retos en materia de infraestruturas hidráulicas, eficiencia, calidade da auga e cumprimento das exixencias normativas europeas e estatais.

Por iso, a Xunta, a través de Augas de Galicia, leva anos prestando o seu apoio estratéxico e sostido no tempo ás entidades locais, complementando na actualidade a execución de proxectos de infraestruturas hidráulicas de envergadura e de carácter estrutural con axudas económicas e outro tipo de accións máis pequenas, directas ou indirectas, pero moi eficaces para avanzar na mellora destes servizos.

Este apoio que lles presta Augas de Galicia ás entidades locais no eido da xestión dos servizos hidráulicos resulta aínda máis importante nunha comunidade como a galega, caracterizada por unha gran dispersión e que supera os 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos que hai en toda España.

Esta realidade territorial complexa e dispersa —derivada, entre outras razóns, da propia riqueza de Galicia en canto á cantidade e calidade das súas augas— é a que conformou uns sistemas de abastecemento e de depuración tamén difíciles de xestionar. Como mostra, no conxunto da Comunidade hai máis de 5.000 captacións inventariadas, 929 potabilizadoras, 156 estacións depuradoras de gran capacidade e unha rede de saneamento integrada por máis de 25.000 quilómetros de colectores.

Obras rematadas e en marcha en 2025

Cómpre lembrar que o organismo hidráulico está a realizar un esforzo económico importante, tanto con fondos propios como europeos, co obxectivo de axudar os concellos na execución de obras de gran complexidade técnica e que requiren investimentos difíciles de asumir integramente polas arcas municipais e, á vez, asegurar a viabilidade de actuacións estratéxicas para a Comunidade, que garanten unha prestación máis moderna, sustentable e eficaz dun servizo esencial para a cidadanía.

Así, o ano 2025 marcará un punto de inflexión no eido do saneamento e da depuración, con máis de 68 millóns de euros comprometidos en obras actualmente en marcha para ampliar as redes actuais e construír novas depuradoras, e outros 18,2 millóns investidos en actuacións no mesmo eido, rematadas e entregadas xa aos concellos responsables da súa posterior xestión e mantemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA AS PRIMEIRAS ACTUACIÓNS PARA EVITAR QUE AS CINZAS CHEGUEN AOS RÍOS DE GALICIA-COSTA E INTENSIFICARÁ OS LABORES DE PROTECCIÓN FLUVIAL

- Rueda resalta que o Goberno autonómico leva semanas “traballando para previr as posibles consecuencias dos lumes” nos ríos
- Explica que xa se levaron a cabo actuacións en concellos coma Ponteceso e Lousame, se está actuando en Meaño e se van iniciar tamén en Agolada e Vilaboa
- Augas de Galicia está a aplicar diferentes técnicas para crear barreiras anticontaminación, recorrendo á instalación de cordóns vexetais ou elementos de madeira
- O presidente salienta o traballo preventivo que se realiza nas contornas dos ríos durante todo o ano
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático reunírase coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para compartir a súa experiencia na xestión das contornas fluviais das zonas máis afectadas polo lume e coordinar posibles actuacións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico xa completou con éxito os primeiros traballos e actuacións sobre o terreo co fin de minimizar o impacto dos arrastres ocasionados polos incendios forestais deste verán nos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. Unhas medidas que se enmarcan na prioridade do Goberno autonómico por “previr as posibles consecuencias dos lumes” e “evitar que as cinzas cheguen aos ríos”.

Precisamente co fin de reducir ou evitar a chegada de cinzas á referida conca (a única de competencia autonómica das catro en que se divide a comunidade), Augas de Galicia vén despregando nas últimas semanas diferentes medidas orientadas a crear barreiras anticontaminación nas contornas fluviais das zonas afectadas e ademais, xa ten definidas as próximas zonas de intervención e as actuacións a executar durante as vindeiras semanas.

O organismo hidráulico está a aplicar diferentes técnicas en función das características do propio terreo e das necesidades particulares de cada zona. Así, entre as principais cómpre subliñar a instalación de cordóns vexetais a base de polas e troncos procedentes do entorno afectado polo lume para crear entramados de biomasa que minimicen a perda de chan e favorezan a pronta implantación de especies vexetais, e tamén de barreiras de madeira, transversais ao curso da propio canle, en puntos con elevada pendente onde estas poden resultar efectivas para reducir a velocidade da auga e fixar arrastres.

Cómpre salientar que todas estas actuacións teñen un carácter especial por mor dos incendios, polo que nas últimas semanas o operativo habitual dedicado ao mantemento e conservación das contornas fluviais de Galicia-Costa ten orde de darlle prioridade á protección das canles ante posibles arrastres de cinza e de restos de madeira queimada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, tal e como explicou o presidente, no concello de Ponteceso “xa se implementou un entramado de biomasa feito a base de polas e troncos nun tramo máis de 400 metros no rego de Bouzas”, en ambas marxes, para anticiparse a posibles escorrentías. Así mesmo, persoal do programa de conservación fluvial de Augas de Galicia tamén actuou en Lousame para evitar arrastres ao río Tállara, “construíndo cordóns de vexetación de ata 50 centímetros nas zonas de monte con maior pendente” e colocando barreiras na propia canle para reducir a velocidade da auga e fixar os posibles arrastres.

En canto ás actuacións actualmente en marcha, Rueda indicou que en Meaño se están instalando, no río Chanca, 350 metros de cordóns de madeira e 25 metros de albarradas e a curto prazo, os técnicos do organismo hidráulico seguirán acometendo actuacións noutros puntos de Galicia afectados polos incendios das últimas semanas, “como Vilaboa e Agolada”.

Unha conca con máis de 2 millóns de habitantes

Galicia divídese en catro demarcacións hidrográficas: Galicia-Costa, Cantábrico Occidental, Miño-Sil e Douro. Esta distribución explica por que a xestión das contornas fluviais é desigual en Galicia, unha circunstancia que afecta á relación desa xestión cos incendios e ás súas consecuencias sobre os recursos hídricos.

As competencias de Augas de Galicia en materia de mantemento en conservación fluvial límitanse ao ámbito da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, que se estende ao longo de 12.990 km², con 14.700 km de rede fluvial. Nesta conca hai un total de 2.070.645 habitantes que viven repartidos entre 182 concellos, o que representa máis da metade da poboación e dos municipios que hai no conxunto da comunidade.

Rueda lembrou que Augas de Galicia realiza tarefas de conservación e mantemento fluvial durante todo o ano con medidas coma “retirar a biomasa morta” nas contornas dos ríos. Medidas que facilitan actuar de urxencia en caso de que resulte necesario, como sucedeu tras a vaga de lumes deste verán. De feito, só este ano Augas de Galicia conta cunha partida orzamentaria de 2,7 millóns de euros reservada á realización deste tipo de labores, unha dotación que nos últimos exercicios estivo en constante crecemento.

Asemade, como organismo de conca, Augas de Galicia permite que se leven a cabo podas e clarexos de ata o 30%, ademais da retirada de vexetación morta como medidas para protexer o dominio público hidráulico de Galicia-Costa. Finalmente, cómpre lembrar que as normas autonómicas son máis claras e permiten unha xestión máis áxil, en comparación coa lexislación que aplica o Goberno central nas demarcacións da súa competencia.

Por todo o exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático mantén contactos coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil (a outra grande conca da comunidade) para compartir a súa experiencia e as accións que leva semanas executando sobre o terreo para abordar a xestión das contornas fluviais das zonas máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

afectadas polo lume dentro da demarcación Galicia-Costa e ten previsto manter unha reunión para coordinar posibles actuacións, aínda pendente de data.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE GALICIA SERÁ PIONEIRA AO REGULAR POR LEI O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NAS AULAS DOS CENTROS EDUCATIVOS

- Avanza que será a través da Lei de educación dixital que será aprobada logo dun proceso participativo
- O obxectivo é “consolidar un modelo educativo híbrido que combine papel e novas tecnoloxías”
- O conselleiro de Educación resalta a importancia de formar aos estudantes en competencias dixitais dun xeito “seguro, crítico e competitivo”
- O uso dos medios dixitais en Infantil e nos dous primeiros ciclos de Primaria limitarase a un uso colectivo e o uso individual comezará a partir de 5º de Primaria
- A incorporación das ferramentas TIC no ensino será progresiva, asegurando sempre unha presenza equilibrada e sen substituír as actividades manipulativas
- Deberá basearse no mellor coñecemento científico, fomentar a boa convivencia e coordinarse coas familias, dada a súa responsabilidade fundamental na infancia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia “vai ser pioneira ao regular por lei o uso das novas tecnoloxías nas aulas” dos centros educativos. Será a través da futura Lei de educación dixital que será aprobada logo dun proceso participativo.

Deste xeito, tal e como resaltou o presidente, Galicia dará novos pasos “na consolidación dun modelo híbrido na educación, que combine o papel e as novas tecnoloxías” para garantir a mellor formación posible ao alumnado. Tendo en conta a necesidade, na sociedade actual, de que os estudantes adquiran competencias dixitais, o obxectivo da Xunta é adecuar o uso das tecnoloxías dixitais nas aulas á etapa educativa e ao grao de madurez e desenvolvemento dos estudantes.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional elevou hoxe un informe ao Consello co fin de coñecer os avances na elaboración da futura lei. Nas vindeiras semanas continuará a redacción cunha rolda de reunións con expertos na materia e con representantes da comunidade escolar para articular unha normativa que aspira a ser referente tamén fóra de Galicia, pois ningunha Administración ten regulado este ámbito tan relevante no ensino de maneira global a través dunha lei integral.

Tal e como explicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, dotar o alumnado galego de competencias dixitais é básico para desenvolverse na sociedade actual e a Xunta quere que os fagan “dun xeito seguro, crítico e competitivo”. “Temos que xestionar o presente para preparar o futuro”, indicou.

Trátase de competencias básicas na vida en xeral e no fomento das vocacións STEM vencelladas á ciencia, á tecnoloxía, á enxeñaría e ás matemáticas. O obxectivo desta lei é facelo en equilibrio con outras metodoloxías máis tradicionais, de maneira que ambas convivan en harmonía e se complementen dentro dos plans de estudos. “Buscamos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

regular con coherencia, responsabilidade e visión de futuro os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa respecto as novas tecnoloxías”, indicou o conselleiro.

Uso por etapas escolares

Quérese así asegurar o axeitado desenvolvemento cognitivo e de habilidades sociais e manipulativas, con variedade de metodoloxías e tipoloxías de recursos para, dese xeito, maximizar os seus beneficios e acoutar ou seus posibles riscos asociados. Ademais, o emprego destas tecnoloxías sempre contará coa supervisión do profesorado. Con este fin, en Educación Infantil e nos dous primeiros ciclos de Primaria (é dicir, 1º, 2º, 3º e 4º curso) o uso será colectivo, mentres que o uso individual se dará a partir de 5º de Primaria.

Na primeira infancia, primará a interacción física e manual. Así, en Educación Infantil favorecerase o contacto seguro coas TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) a través de actividades que acheguen especial valor, formen parte dunha experiencia global de aprendizaxe e estean baseadas en experiencias emocionalmente positivas.

Pola súa parte, en Educación Primaria, o uso das TIC será gradual e proporcionado, acompañado co desenvolvemento socioafectivo e cognitivo do alumnado e garantindo que non se interfere nas actividades manipulativas e motrices. Progresivamente, introduciranse aspectos de seguridade, benestar e convivencia e bo trato, a xestión da información e o pensamento crítico. A partir de 5º de Primaria seguirá sendo posible o uso individual dos equipamentos dixitais. Precisamente, este é o curso en que os centros poden acceder voluntariamente ao programa E-Dixgal, establecido ata 4º da ESO.

Finalmente, na Educación Secundaria, o emprego das tecnoloxías dixitais centrarase na adquisición de competencias tecnolóxicas básicas e na reflexión ética e crítica para acadar, a través desta vía, un uso autónomo, responsable e consciente delas.

Corresponsabilidade das familias

Co obxectivo de garantir esta introdución progresiva das TIC, incentivarase a coordinación entre as etapas de Infantil e de Primaria. En ambos os casos deberá haber, ademais, unha colaboración estreita entre os centros e as familias para respectar e fomentar a responsabilidade fundamental que estas desempeñan neste eido durante a infancia. A este respecto, haberá sesións específicas de tutoría e información ás familias.

A participación activa, informada e corresponsable das familias manterase tamén na ESO. Así, o profesorado titor trasladará de modo inmediato ás familias calquera sinal de alarma que poida xurdir no uso indebido das TIC, contando co acompañamento necesario.

Nas distintas decisións que se adopten en relación co acceso ás TIC deberá terse en conta o mellor coñecemento científico dispoñible e fomentar a convivencia positiva.

Os medios dixitais que se van utilizar estarán recollidos nos proxectos dixitais de centros, e tanto as familias como o alumnado recibirán toda a información pertinente e necesaria para o seu uso seguro e adaptado ás normas de convivencia. A Consellería

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facilitará modelos e recursos para trasladar toda esta información dun xeito claro e sinxelo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE O BONO COIDADO NO FOGAR BENEFICIA XA A 33.000 PERSOAS E PERMITIU DUPLICAR O NÚMERO DE DEPENDENTES QUE SON ATENDIDOS NA CONTORNA FAMILIAR

- Salienta a boa acollida desta axuda directa de 5.000 € anuais para todos os dependentes atendidos no seu domicilio sen importar o seu nivel económico
- Destaca que catro de cada dez dependentes galegos con dereito a prestación ou servizo xa contan con esta achega
- A nosa Comunidade rexistra máis de 86.000 dependentes atendidos na actualidade, o que supón unha ratio de cobertura do 98,6%

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Bono Coidado no Fogar xa chega a 33.000 persoas dependentes ano e medio despois da súa implantación, o que supón que Galicia duplicou o número de dependentes que reciben atención na contorna familiar.

Uns datos incluídos nun informe da Consellería de Política Social e Igualdade -avaliado hoxe en Consello- sobre esta medida, que segundo lembrou o presidente consiste nunha axuda de 5.000 euros ao ano para os dependentes que son coidados nos seus domicilios por un familiar ou calquera outra persoa do seu contorno relacional.

Esta iniciativa permitiu avanzar cara á universalización dos coidados, xa que a reciben todas as persoas que queiran seguir sendo atendidas nas súas casas, independentemente do seu grao de dependencia e do seu nivel económico. De feito, tal e como sinalou o presidente do Goberno galego, "catro de cada dez" dependentes galegos cun servizo ou prestación teñen o Bono Coidado no Fogar, o que demostra a "boa acollida" desta medida e que responde á preferencia maioritaria dos galegos de permanecer no seu contorno e ser coidados por persoas da súa confianza.

O informe tamén sinala que Galicia conta na actualidade con máis de 86.000 dependentes atendidos, o que sitúa a ratio de cobertura da Comunidade entre as máis elevadas de España, cun 98,6%. Rueda resaltou que obxectivo que se fixa a Xunta é "chegar ás 90.000 persoas atendidas" con servizos e prestacións este mesmo ano, o que suporá un importante esforzo orzamentario.

O presidente destacou que, para isto, é necesario que o Goberno central cumpra coa Lei de dependencia e financie o 50% do custo dos servizos. Unha porcentaxe que non soamente está lonxe de acadar, senón que está a diminuír, xa que a achega do Executivo de Pedro Sánchez pasou do 40% en 2023 a apenas o 34% o ano pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFRECE FORMACIÓN GRATUÍTA EN COMPETENCIAS DIXITAIS PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE DOS GALEGOS E DAS GALEGAS

- Preto de 2.000 cidadáns dispoñen xa do Certificado galego de competencias dixitais (Comdix) que acredita, ante entidades públicas e privadas, os coñecementos e habilidades para utilizar as tecnoloxías dixitais
- A Administración autonómica convocou no último ano seis probas para a cidadanía nos niveis de iniciación e intermedio a través das aulas CeMIT
- As persoas interesadas en dispor do certificado Comdix teñen á súa disposición diferentes itinerarios formativos en liña a través plataforma da Rede CeMIT
- No mes de setembro publicaranse no DOG as novas convocatorias previstas para o último trimestre do ano

O Goberno galego ofrece formación gratuíta en competencias dixitais para facilitarlle aos galegos e ás galegas o acceso ao mercado laboral. Preto de 2.000 cidadáns dispoñen xa na Comunidade do Certificado galego de competencias dixitais (Comdix), impulsado pola Xunta de Galicia e que acredita, ante entidades públicas e privadas, os coñecementos e habilidades para utilizar as tecnoloxías dixitais.

No último ano a Administración autonómica realizou seis convocatorias dirixidas á cidadanía para a obtención do Comdix nos niveis de iniciación e intermedio, segundo se recolle nun balance elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do cal foi informado hoxe o Consello da Xunta.

A estas convocatorias presentouse un total de 2.500 persoas, das cales 1.569 obtiveron o certificado do nivel de iniciación e 351 persoas o de nivel intermedio. En canto ao perfil das persoas certificadas, cómpre sinalar que son maioritariamente mulleres nunha franxa de idade de entre os 45 e os 65 anos. Para este ano están previstas novas convocatorias para outubro, novembro e decembro, cuxas datas saíran publicadas no *Diario Oficial de Galicia* no mes de setembro.

Formación para o acceso ao Comdix

Para facilitar a obtención do certificado, a cidadanía ten dispoñibles diferentes itinerarios formativos a través da plataforma de teleformación da Rede CeMIT, que se poden seguir, ben en réxime de autoformación, ou ben titorizado, que permiten acceder aos coñecementos necesarios para a posterior proba de certificación. Ademais, está en marcha unha nova modalidade, que é o curso titorizado e con avaliación continua, que permitirá a obtención da acreditación unha vez superado o curso.

A acreditación dixital da cidadanía apóiase na Rede de aulas CeMIT, tanto para formación como para a realización das probas presenciais para obter o certificado. Por iso, unha das medidas previas á apertura das convocatorias foi a formación dos axentes TIC das aulas e do persoal de entidades colaboradoras coa Rede. Desde 2023, máis de 220 formadores obtiveron a súa acreditación nos niveis dispoñibles para a cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Marco galego de competencias dixitais

A Xunta de Galicia aprobou en 2021 o Marco galego de competencias dixitais, baseado no marco europeo e que define os coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para o desenvolvemento dunha sociedade usuaria dos servizos dixitais e crea a certificación galega en competencias dixitais (Comdix) así como requisitos e procedementos para a súa obtención.

O Marco galego de competencias dixitais establece un sistema de aprendizaxe progresiva con catro niveis, desde iniciación ata especializado, co obxectivo de mellorar a empregabilidade e a participación na sociedade dixital.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PERMITIRÁ A DOMICILIACIÓN DOS PAGAMENTOS DE IMPOSTOS EN ENTIDADES BANCARIAS NON COLABORADORAS EN 36 PAÍSES

- A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) está a habilitar un novo medio de pagamento polo que a cidadanía poderá facer fronte ás débedas tributarias a través de calquera entidade de crédito non colaboradora aberta en calquera país da zona SEPA
- Poderanse domiciliar as autoliquidacións que se presenten a través da Oficina Virtual Tributaria da Atriga

A Xunta permitirá a domiciliación dos pagamentos de impostos en contas abertas en entidades non colaboradoras dentro da zona SEPA, que inclúe 36 países e ten como obxectivo que os pagamentos en euros sexan tan eficientes e seguros como os pagamentos nacionais, tanto dentro como fóra das fronteiras de cada país. Así o recolle o informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a nova utilidade para realizar o pagamento das débedas cuxa xestión está encomendada á Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

Deste xeito, os cidadáns poderán domiciliar as autoliquidacións que se presenten a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Atriga en calquera entidade de crédito non colaboradora que estea aberta nalgún dos 36 países incluídos na zona SEPA. Tamén se poderán pagar deste xeito os aprazamentos e fraccionamentos concedidos polos órganos competentes da Atriga.

O novo medio de pagamento estará plenamente operativo a partir de finais do mes de setembro, tras o desenvolvemento da orde por resolución da Dirección da Atriga.

Facilitar o pagamento sen desprazamentos

Con esta medida, a Xunta continúa o seu esforzo para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias, sumando novos medios que se están implementando desde o ano 2020. Desde principios dese ano, os contribuíntes galegos poden empregar a domiciliación bancaria das autoliquidacións presentadas a través da OVT. Ata o mes de xuño de 2025 ordenáronse 66.509 domiciliacións por máis de 200 M€.

No ano 2022 engadíronse novos métodos, como o pagamento a través de terminal punto de venda (TPV) virtual, a través da OVT, que permite realizar os pagamentos con cargo a unha tarxeta de crédito ou débito, calquera que sexa a entidade bancaria. Desde a súa posta en marcha realizáronse preto dun millón de operacións por este sistema, cun importe de máis de 50 M€. O pagamento a través de TPV físico nas delegacións territoriais da Atriga púxose en marcha en febreiro de 2022 e desde entón realizáronse máis de 41.000 operacións por valor de preto de 6,5 M€.

No ámbito rural, nese mesmo ano habilitouse a posibilidade da realización do pagamento mediante xiro postal nas oficinas de Correos ou a través das PDA dos carteiros rurais. Ata xuño deste ano realizáronse preto de 6.300 operacións por este sistema, por valor de máis de 1,5 M€. Ademais, os pagamentos presenciais en oficinas bancarias das entidades Caixabank e Santander pódense realizar desde os seus caixeiros automáticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No ano 2023 abriuse unha nova canle de pagamento, a través da plataforma Bizum, que neste tempo se converteu no método preferido dos contribuíntes para facer fronte a pagamentos de pouca contía. Ata xuño deste ano realizáronse unhas 145.000 operacións por importe de 6,3 millóns de euros. Xa no ano 2024 implantouse o pagamento mediante transferencia bancaria, a través do cal se realizaron, entre agosto do pasado ano e xuño de 2025, 175 operacións por valor de preto de 1,5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA SENDA NA ESTRADA AC-552 EN NANTÓN, NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

- A actuación suporá un investimento que rolda os 425.000 e permitirá habilitar un itinerario peonil de 1,5 quilómetros de lonxitude, co fin de fomentar a mobilidade sustentable e mellorar a seguridade viaria da estrada
- A senda facilitará a circulación dos usuarios da "Asociación Íntegro" para persoas con diversidade funcional, que accederán con maior seguridade ao centro de saúde, parada de bus, farmacia, campo de fútbol e outros servizos
- A Xunta someterá nos vindeiros días a información pública o proxecto co obxectivo de poder aprobalo no outono, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras
- O Executivo autonómico segue a traballar en actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo nos municipios unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación provisional do proxecto para construír unha senda na estrada autonómica AC-552 en Nantón, ao seu paso polo concello de Cabana de Bergantiños, cuxa execución suporá un investimento que roldará os 425.000 euros.

O obxecto da actuación é a execución dunha senda peonil de 1,5 quilómetros de lonxitude, na marxe dereita da AC-552, entre os puntos 49+650 e 51+150, co fin de fomentar a mobilidade sustentable e mellorar a seguridade viaria da estrada, tanto desde o punto de vista do peón como do tráfico rodado.

A outra finalidade da execución da senda é a de apoiar a circulación dos usuarios da "Asociación Íntegro" para persoas con diversidade funcional, que poderán acceder con seguridade ao centro de saúde, parada de autobús, farmacia, campo de fútbol e outros servizos.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios, polo prazo dun mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 32 predios, cunha superficie total de 1.382,25 m².

A previsión é poder aprobar o proxecto no outono para, a continuación, acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras. O prazo de execución das obras é de 6 meses.

Descrición do proxecto

Trátase de executar un itinerario peonil no citado treito da AC-552, sen modificar o trazado da vía, que disporá de 1,80 metros de ancho de senda e contará con bordo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nas barbacanas de vaos peonís (mantense a localización existente) e na sinalización e guía das paradas de bus dos puntos quilométricos 0+320 e 0+920 executarase un pavimento diferenciado.

De xeito complementario á execución da senda, levaranse a cabo as actuacións necesarias para a súa funcionalidade, como son a canalización das augas pluviais ou a instalación de telecomunicacións baixo a senda.

Ademais, procederase ao recuamento do refuxio existente no punto quilométrico 0+140 a unha nova posición no 0+320; rasanteo das tapas de cámaras de rexistro e arquetas necesarias; e execución dun chanzo, en reposición do existente, sobre o noiro do punto quilométrico 1+010.

Na intervención tamén se prevé o repintado das marcas viarias existentes e, no espazo da parada do bus, na marxe dereita do punto quilométrico 0+320 pintaranse novas marcas viarias encamiñadas á reordenación do espazo. Así mesmo, tense en conta o recuamento de sinais verticais.

O Executivo autonómico segue a traballar en actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo nos municipios unha mobilidade máis cómoda e segura.